

## **A participación infantil no contexto comunitario: a experiencia do Foro de Participación Infantil e Adolescente de Teo.**

**Javier Riádigos Couso e María Aguión Lamas.** Universidade de Santiago de Compostela.

[javier.riadigos.couso@rai.usc.es](mailto:javier.riadigos.couso@rai.usc.es)

[maria.aguion@rai.usc.es](mailto:maria.aguion@rai.usc.es)

### **Resumo**

A Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN, 1989) considera aos nenos, nenas e adolescentes (en adiante NNA) como suxeitos de dereitos e axentes de cambio, recoñecéndolos como protagonistas con voz propia. Precisamente, o dereito á participación constitúe un dos catros principios reitores sobre os que se asenta a CDN, concretándose no dereito de gozar dunhas condicións óptimas para que poidan expresar de forma libre e voluntaria a súa opinión respecto daquelas cuestións que os/as atinxen, ademais de darlles a oportunidade de ser escoitados e de involucrase nas decisións que impactan nas súas vidas (Gaitán, 2018). Sen embargo, a consecución deste dereito representa un desafío, xa que a visión adultocéntrica predominante na sociedade relega á infancia a un segundo plano, minimizando a aplicación efectiva dos seus dereitos como cidadáns activos/as e limitando a relevancia dos seus aportes nos diferentes ámbitos de participación (familia, escola, comunidade, etcétera).

Así pois, a participación infantil configúrase como un elemento chave nas sociedades democráticas, xa que outorga protagonismo ás opinións dos NNA; o que comporta mellorar os seus niveis de progreso social. Ademais, consideralos como axentes activos da comunidade posibilita que desenvolvan un xuízo propio, expresando libremente a súa opinión sobre as cuestións que lles competen e/ou afectan.

Neste contexto comunitario, existen diferentes espazos, experiencias e/ou iniciativas que promoven boas prácticas a favor da infancia no referido ás políticas públicas, á defensa e promoción dos seus dereitos e -sobre todo- no seu desenvolvemento persoal e colectivo. Unha delas é o proxecto *Cidades Amigas da Infancia* (CAI) -liderado por UNICEF- onde a proximidade entre a administración e os NNA xoga un papel fundamental no exercicio da participación social da infancia e o seu dereito á cidadanía no ámbito local. Esta iniciativa promove -a partir da súa posta en marcha no ano 2001- a creación e o funcionamento de órganos de participación infantil e adolescente a nivel municipal en España. Desde a mesma, apóstase por unha visión estratéxica para a configuración de políticas locais que teñan como base a creación de sinerxías entre a administración local, as institucións públicas e as organizacións sociais en aras de contribuír á promoción da participación e mellora das condicións de vida dos NNA partindo dun enfoque de alianza (UNICEF, 2017).

De aí que, o obxectivo principal desta comunicación se centre en resaltar a participación social como un dereito fundamental da infancia, ademais de presentar o Foro de Participación Infantil e Adolescente de Teo (A Coruña, Galiza) a nivel comunitario; con especial énfase no papel de co-investigadores que os NNA desenvolveron na experiencia de *CON\_LecerTeo: explorando nuestros tiempos de ocio*, dentro do convenio entre o Concello de Teo e o Grupo de Investigación SEPA-*interea* da Universidade de Santiago de Compostela, ao abeiro do proxecto I+D+i “Educación y conciliación para la equidad: análisis de su incidencia en los tiempos escolares y sociales” (Ref.: RTI2018-094764-B-100).

## Referencias bibliográficas

- Gaitán, L. (2018). Representaciones sociales de infancia y ciudadanía: entre el antagonismo y el cambio. En A. Llena y A. M. Novella (Coords.), *Impulsar la participación infantil. Los consejos de infancia y adolescencia* (p. 33-50). Barcelona: Graó.
- UNICEF (2017). *Bases VII Reconocimiento Ciudades Amigas de la Infancia y IX Certamen de Buenas Prácticas*. Recuperado de [https://ciudadesamigas.org/wp-content/uploads/2017/03/Bases-CAI\\_2017-2018\\_esp\\_web-1.pdf](https://ciudadesamigas.org/wp-content/uploads/2017/03/Bases-CAI_2017-2018_esp_web-1.pdf)